

MARÉ

A Asociación de Escritores apoia a Alcalá na súa acción

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) remitiu onte un comunicado no que amosa o seu apoio a Xavier Alcalá na súa demanda de propiedade intelectual presentada pola expresión *Contra el viento*, que dá título á obra coa que a escritora Ángeles Caso gañou a última edición do Premio Planeta. A asociación, da que Alcalá é membro, “apóiao non só moralmente, senón poñendo á súa disposición os servi-

zos xurídicos da AELG e os despachos xurídicos especializados da Federación Galeusca”. Asemade, o presidente da asociación, o poeta Cesáreo Sánchez, establecerá contacto coa Editorial Planeta, tendente a propiciar un entendemento entrambas as dúas partes. Xavier Alcalá anunciou recentemente que emprenderá accións legais contra a editorial nunha estratexia na que pediu a axuda da AELG e do PEN.

